

III PREMIO DE ENSAIO SUBVERSIVO “GUILLERMO DOMÍNGUEZ”

No duodécimo aniversario do pasamento de Guillermo Domínguez, profesor de Filosofía do **IES Arcebispo Xelmírez I**, desde este centro educativo e, en colaboración coa **Secretaría Xeral de Política Lingüística** e co **Colectivo Xelmírez**, queremos darlle continuidade ao certame de ensaio subversivo que brinda homenaxe á súa figura convocando a súa terceira edición.

Aínda que, segundo o propio Guillermo Domínguez, o pensamento trae subversión, facémolo explícito, para invitarnos, máis alá dos habituais conceptos, a quebrar os nosos propios moldes internos, a encontrar a nosa verdadeira expresión e a nosa autenticidade.

BASES

1. Participación

Este concurso ábrese á participación de estudantes de ensino secundario de toda a comunidade autónoma galega matriculados nos niveis do BACHARELATO.

2. Temática

O tema será libre e único, pero preferiranse os traballos de imaxinación crítica, na liña da esencia do premio, aos de carácter erudito ou estritamente científico. Deben ser totalmente orixinais e inéditos, e a evidencia dun plaxio, total ou parcial, suporá a descualificación do concursante.

Non haberá limitación formal ningunha, sempre que se axusten á presentación dun problema ou tese e a súa argumentación.

3. Formato

Cada participante presentará un único traballo, en lingua galega, cunha extensión non inferior a catro páxinas Din-A4 e non superior a doce páxinas Din-A4, e segundo as seguintes directrices: letra Times New Roman ou Arial, tamaño 12, espazo de interliñado 1’5.

4. Prazo de admisión

O prazo de admisión dos traballos comezará o **31 de xaneiro de 2015** e estará aberto ata o **15 de marzo** dese ano.

5. Presentación dos traballos

A través de correo postal ou persoalmente, presentaranse en sobre pechado un **exemplar en papel**, impreso por unha soa cara, xuntando o mesmo documento en **soporte dixital** (CD-ROM, pendrive ou similares) en formato PDF ou Word. No exterior, ademais do enderezo ao que se remite, farase constar o título do texto e o pseudónimo elixido polo concursante. En ningún caso, estes documentos terán datos que poidan permitir recoñecer ao seu autor, posto que se quere garantir o anonimato.

Ademais, deberase incluír no sobre principal outro sobre máis pequeno. No seu exterior aparecerá o pseudónimo e o título do ensaio, e no interior faranse constar os datos persoais que identifiquen ao autor, indicando tamén o centro educativo ao que pertence.

Remitirase todo a IES Arcebispo Xelmírez I, III Premio Ensaio Subversivo “Guillermo Domínguez”, Rúa Poza de Bar s/n C.P.15705-Santiago de Compostela.

Para aclarar calquera dúbida poderase consultar en calquera momento por correo electrónico ao enderezo guillermopremio@gmail.com.

6. Xurado

Estará formado por filósofos@s, intelectuais e pensadores, até un máximo de cinco persoas, nomeados polas entidades convocantes, e poderá declarar os premios desertos ou facer nomeamentos específicos se a calidade dos traballos así o esixir. A resolución farase pública no mes de maio de 2015 e será inapelábel.

7. Premios

Fallaránse e motivaránse:

- Primeiro Premio: dotado con 500 euros, dos que se farán as deducións correspondentes.
- Segundo Premio: dotado con 200 euros, dos que se farán as deducións correspondentes.

Aos mencionados premios seralles aplicada correspondente retención de IRPF.

Cómpre recoller o premio persoalmente no acto de entrega, agás falta xustificada documentalmente. No caso contrario o premio pasaría a outro participante, previamente en reserva.

Así mesmo, os ensaios gañadores publicaranse, previa autorización dos autores, na páxina web do instituto e nunha edición especial en formato papel.

A concurrencia ao certame presupón a aceptación destas bases.